

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, COMERCIO E TURISMO

17275 *Real decreto 1179/2020, do 29 de decembro, polo que se establece o marco do recoñecemento oficial das cámaras de comercio españolas no estranxeiro.*

As cámaras de comercio españolas no estranxeiro oficialmente recoñecidas polo Estado español (en diante «as cámaras») veñen realizando un labor específico en beneficio dos intereses xerais españois no país en que radican e, moi especialmente, no fomento das exportacións e dos investimentos españois.

As cámaras son asociacións libremente constituídas no estranxeiro por persoas de nacionalidade española e por persoas estranxeiras relacionadas con España e están sometidas á lexislación propia de cada país, ben que existe unha relación co Estado español cando son recoñecidas oficialmente. A Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización, sinala no seu artigo 52 que as cámaras son instrumentos comerciais especializados de apoio á internacionalización da economía e a empresa españolas. A estreita colaboración dos seus membros coa Administración española, particularmente coas oficinas económicas e comerciais de España no exterior, favoreceu considerablemente os intercambios económicos e comerciais bilaterais e a presenza da empresa española nos mercados internacionais.

Así mesmo, as cámaras manteñen, segundo o previsto na Lei 4/2014, do 1 de abril, básica das cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación, unha vinculación permanente coa Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España (en diante «Cámara de Comercio de España»).

A misión de interese xeral que desempeñan as cámaras aconsella actualizar a normativa até agora vixente sobre o seu recoñecemento oficial. En efecto, o simple transcurso do tempo, as novas necesidades, tanto das empresas como das institucións españolas nos seus procesos de internacionalización, e a extensión da rede de oficinas económicas e comerciais a novas zonas xeográficas aconsellan a posta ao día das normas que regulan o recoñecemento oficial das cámaras e os seus efectos, fundamentalmente, o disposto no Real decreto 786/1979, do 16 de marzo, polo que se establecen as normas reguladoras do Estatuto xeral das cámaras de comercio españolas oficialmente recoñecidas no estranxeiro.

Neste real decreto mantéñense, en todo caso, os principios reitores que inspiraron o real decreto mencionado, en particular, a concepción das cámaras como organismos consultivos, colaboradores e auxiliares da Administración pública española, incorporando como aspectos novos a perspectiva de xénero e de paridade nas actuacións que desenvolvan as cámaras, así como a definición dos seus dereitos, obrigacións e funcións, así como determinados aspectos organizativos das cámaras, como son a composición da xunta directiva e a figura da persoa que exerce como titular da secretaría, dirección ou xerencia.

Así, o obxectivo deste real decreto é actualizar o marco que regula os requisitos que deben cumprir as cámaras para seren recoñecidas oficialmente e os efectos dese recoñecemento, así como o marco das relacións co Estado español unha vez recoñecidas, respectando a lexislación do país en que radican. Búscase conseguir a maior eficacia no cumprimento das súas funcións e o máis amplo desenvolvemento das relacións comerciais e económicas entre os países respectivos e España e, especificamente, o fomento das exportacións e os investimentos españois.

O real decreto é o instrumento adecuado para a finalidade que se persegue e responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica e transparencia prescritos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Canto á súa necesidade e eficacia, esta norma está xustificada en razóns de interese xeral, dado que ten como obxecto establecer o marco do recoñecemento oficial das cámaras, que realizan un labor específico en beneficio dos intereses xerais españois alí onde radican e, en particular, no fomento das exportacións e investimentos españois.

Respecto ao principio de proporcionalidade, a iniciativa normativa contén a regulación adecuada para o fin que persegue, sen restrinxir ningún dereito nin impor cargas administrativas ou orzamentarias aos seus destinatarios.

Por outro lado, a fin de garantir o principio de seguranza xurídica, a iniciativa normativa exercerase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, en concreto, coa Lei 4/2014, do 1 de abril, para xerar un marco normativo estable, predicible, integrado e de certeza que facilite o seu mellor coñecemento e comprensión.

A aplicación do principio de transparencia queda garantida mediante a definición clara dos obxectivos desta iniciativa, así como ao terse posibilitado unha participación activa dos potenciais destinatarios na súa elaboración. Neste senso, cabe destacar que na elaboración deste real decreto foron consultadas a Federación de Cámaras Oficiais Españolas de Comercio en América (Fececa) e a Federación de Cámaras Oficiais Españolas de Comercio en Europa, África, Asia e Oceanía (Fedecom), que representan as cámaras. Por outra parte, após o trámite de audiencia pública, solicitáronse os informes dos departamentos ministeriais afectados.

Así mesmo, e de acordo co artigo 25 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, o real decreto encóntrase incluído no Plan anual normativo da Administración xeral do Estado 2020.

A habilitación legal específica para ditar este real decreto fundaméntase na disposición derradeira décima, número 1, da Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e á súa internacionalización.

O real decreto dítase ao abeiro da competencia exclusiva do Estado atribuída polo artigo 149.1.10.^a da Constitución española en materia de comercio exterior, segundo se establece na disposición derradeira primeira.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Industria, Comercio e Turismo, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais. Recoñecemento oficial: ámbito de aplicación, requisitos e efectos

Artigo 1. Obxecto da norma.

Esta norma ten por obxecto a regulación do recoñecemento oficial das cámaras de comercio españolas no estranxeiro (en diante «as cámaras»), así como os efectos dese recoñecemento.

Artigo 2. Delimitación do ámbito de aplicación do recoñecemento oficial.

1. Poderán ser recoñecidas oficialmente polo Estado español a través do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (en diante «o Ministerio») as cámaras de comercio que sexan constituídas libremente no estranxeiro por persoas de nacionalidade española e persoas estranxeiras relacionadas con España, conforme as leis dos países en que radican, co fin de fomentar a internacionalización da empresa española e a defensa dos intereses das persoas asociadas, sempre que estas cámaras cumpran os requisitos previstos no artigo 3.

2. O Ministerio poderá conceder, así mesmo, o recoñecemento oficial a aquelas estruturas ou formas de organización asociativa destas cámaras que teñan como obxectivo a mellora dos seus servizos, o desenvolvemento de instrumentos para mellorar o seu funcionamento, a maior coordinación das súas actuacións ou o establecemento de canles de comunicación máis fluídas entre elas e coas institucións públicas e privadas españolas.

Estas formas de organización, que poderán ter a forma de federacións de cámaras, asociacións de cámaras ou semellantes, serán, en todo caso, unidades funcionais que procuren, con carácter xeral, os fins indicados no parágrafo anterior.

3. O Ministerio poderá conceder o recoñecemento oficial, con carácter de excepción, a certas cámaras, aínda que non satisfagan algunhas das disposicións deste real decreto, se así for conveniente para o desenvolvemento das relacións económicas e comerciais cun país determinado.

Artigo 3. *Requisitos e procedemento para outorgar o recoñecemento oficial.*

1. Para ser oficialmente recoñecidas, as cámaras, así como as estruturas ou formas de asociación a que se refire o artigo 1.2, deberán axustarse na súa organización e funcionamento ás disposicións deste real decreto e ás normas establecidas ou que estableza no sucesivo o Ministerio, e regularanse, se for o caso, polos seus propios estatutos, que deben ser previamente aprobados polo Ministerio.

2. Para outorgar o recoñecemento oficial ás cámaras é necesario:

a) Que o solicite a cámara. A solicitude será presentada ao Ministerio pola xunta directiva da cámara ou da unidade funcional ou, se for o caso, pola persoa titular da unidade, a través da oficina económica e comercial competente no país respectivo. A solicitude deberá estar acompañada dun plan económico que asegure a súa viabilidade e autosuficiencia a medio e longo prazo.

b) Que a cámara cumpra na súa organización e funcionamento a normativa vixente e os seus estatutos recollan a adecuación aos fins, estrutura e funcións que define este real decreto.

c) Que a cámara presente unha proposta de estatutos ante a Secretaría de Estado de Comercio.

3. A Secretaría de Estado de Comercio remitirá a proposta de estatutos que se recolle no número anterior ao ICEX España Exportación e Investimentos (en diante, «ICEX») para información, así como á Cámara de Comercio de España, para que emita un informe preceptivo e non vinculante. A Secretaría de Estado poderá propor á cámara solicitante as modificacións dos estatutos presentados que coide convenientes e aprobará os estatutos que resulten conformes co estipulado neste real decreto, a través da oportuna dilixencia. Un exemplar asinado permanecerá na Secretaría de Estado de Comercio, outro na oficina económica e comercial e un terceiro quedará en poder da cámara. Así mesmo, os estatutos aprobados polo Estado español deberán ser aprobados polo ministerio ou organismo correspondente no país en que estea radicada a cámara.

4. O recoñecemento oficial realizarase mediante resolución da persoa que exerza a titularidade da Secretaría de Estado de Comercio e publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

Artigo 4. *Efectos do recoñecemento oficial.*

1. As cámaras, unha vez recoñecidas oficialmente polo Estado, pasan a ser órganos consultivos e colaboradores da Administración pública española e apoiarana en cantas actividades lles sexan confiadas polo Ministerio.

2. As cámaras establecerán as súas relacións co Ministerio a través da Secretaría de Estado de Comercio, fundamentalmente coas oficinas económicas e comerciais de España.

En todas as súas actividades, as cámaras actuarán en estreita colaboración coa oficina económica e comercial de España, integrada na misión diplomática da súa demarcación ou, se for o caso, coa autoridade consular respectiva.

Na medida en que as formas de organización ou unidades funcionais descritas no artigo 1 non poidan ser atendidas directamente por unha única oficina económica e comercial, fundamentalmente por razóns derivadas do seu ámbito xeográfico, a relación entre estas formas de organización e o Ministerio será directa, a través da Secretaría de Estado de Comercio, sen prexuízo das relacións que cada unha das cámaras asociadas deba manter coa oficina económica e comercial correspondente.

3. Cando fose recoñecida oficialmente polo Estado español unha cámara de comercio española no estranxeiro, non poderá ser recoñecida oficialmente outra na mesma localidade. A proposta de recoñecemento oficial doutra cámara noutra cidade dun mesmo país será consultada coa cámara xa recoñecida. Cando existan varias cámaras con recoñecemento oficial nun mesmo país, deberán actuar coordinadamente en todos os asuntos de interese xeral para as relacións económicas e comerciais con España a través da oficina económica e comercial.

4. As persoas titulares das xefaturas das misións diplomáticas españolas exercerán a presidencia honoraria das cámaras radicadas nos seus respectivos países de demarcación.

5. A persoa titular da xefatura da oficina económica e comercial exercerá a vicepresidencia honoraria e actuará como asesor técnico nato das cámaras que existan na súa demarcación e terá voz nas asembleas xerais e nas reunións de todos os seus órganos colexiados, ás cales será convocado coa mesma anticipación que os membros deses órganos. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade, poderá ser substituído polo persoal funcionario ou polo persoal empregado adscrito á oficina económica e comercial que asuma a xefatura interina da oficina ou, se for o caso, pola autoridade consular española.

Artigo 5. Relacións coa Cámara Oficial de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España («Cámara de Comercio de España»).

1. Sen prexuízo das relacións bilaterais que se establezan entre cámaras, segundo o previsto na Lei 4/2014, do 1 de abril, a Cámara de Comercio de España manterá un vínculo permanente coas cámaras, unha vez que fosen recoñecidas oficialmente polo Estado.

2. Segundo o previsto nos artigos 20, 22 e 25 desa lei, as cámaras poden celebrar convenios de colaboración e representación da Cámara de Comercio de España nas súas xurisdicións, participar na elaboración e execución do Plan cameral de internacionalización e estar representadas no Pleno da Cámara de Comercio de España por medio das federacións das cámaras de comercio españolas oficiais no estranxeiro.

3. Así mesmo, a Cámara de Comercio de España coordinará e impulsará a colaboración entre as cámaras oficiais de comercio, industria, servizos e navegación de España e as cámaras de comercio españolas no estranxeiro, con obxecto de conseguir o maior grao posible de coordinación entre ambos os tipos de entidades, sen prexuízo de que a Cámara de Comercio de España poida asinar convenios ou outros instrumentos con estas institucións para facer efectiva a colaboración. Os convenios que subscriba a Cámara de Comercio de España coas cámaras de comercio españolas oficiais no estranxeiro deberán ser autorizados polo Ministerio.

CAPÍTULO II

Dereitos e obrigacións

Artigo 6. Dereitos das cámaras.

Ás cámaras, na súa condición de órganos consultivos, correspóndelles:

a) Colaborar estreitamente co Ministerio, particularmente coas oficinas económicas comerciais de España, para o incremento das relacións económicas e comerciais entre España e o país en que radican as cámaras.

b) Propor ás autoridades españolas competentes cantas reformas ou medidas consideren convenientes para o desenvolvemento das actividades económicas ou comerciais co respectivo país de radicación.

Así mesmo, poderán ser oídas nos asuntos que afecten os intereses económicos e comerciais españois no país de radicación e, especialmente, na preparación de tratados e acordos comerciais entre España e o país de radicación.

c) Participar na elaboración do Plan cameral de internacionalización, nos termos recollidos no artigo 22 da Lei 4/2014, do 1 de abril.

d) Utilizar os símbolos oficiais do Estado español nas actividades de representación da cámara. En todo caso, o emprego concreto dos logos e outros símbolos oficiais en, entre outros, publicacións, folletos, medios electrónicos e redes sociais, deberá ser acordado coa oficina económica e comercial.

e) Recibir subvencións con cargo aos orzamentos xerais do Estado cando exista a dotación orzamentaria correspondente.

f) Asinar convenios de colaboración coas administracións públicas que favorezan o impulso das relacións económicas e comerciais bilaterais.

Artigo 7. *Obrigacións das cámaras.*

Dentro do ámbito funcional sinalado no artigo anterior, as cámaras estarán obrigadas a:

a) Emitir os informes que os diferentes departamentos ministeriais soliciten a través da oficina económica e comercial, sempre que recaian no ámbito e fins da cámara e se axusten aos recursos das cámaras.

b) Realizar todas aquelas funcións, de acordo cos seus fins, que lles sexan solicitadas pola Administración pública española, a través do Ministerio, sempre que recaian no ámbito e fins da cámara e se axusten aos recursos das cámaras.

c) Levar a cabo as actuacións de promoción dos produtos españois que lle sexan confiadas pola Administración pública española, en coordinación e colaboración coa oficina económica comercial correspondente.

d) Promover a responsabilidade social e ambiental dos seus asociados e o cumprimento pola súa parte dos estándares establecidos polas Nacións Unidas en materia laboral, de dereitos humanos, de xénero, ambientais e de gobernanza.

e) En particular, as cámaras colaborarán con ICEX naquelas actuacións incluídas nos proxectos para os cales sexa requirida a súa colaboración, baixo a supervisión das oficinas económicas e comerciais.

f) Enviar á oficina económica e comercial, antes do 31 de outubro do ano en curso, o plan de actividades do ano seguinte, xunto co proxecto de orzamento de gastos e ingresos correspondente.

g) Así mesmo, deberán remitir á oficina económica e comercial, dentro do primeiro cuadrimestre de cada ano, unha memoria-resumo da actividade desenvolvida durante o ano anterior e calquera outra información e documentación que lles sexa requirida pola oficina económica e comercial.

CAPÍTULO III

Persoas socias e organización

Artigo 8. *Persoas socias das cámaras.*

1. Poderán pertencer ás cámaras as persoas naturais e xurídicas, españolas e estranxeiras, interesadas nas relacións económicas e comerciais entre España e o país en que a cámara estea constituída e que cumpran os requisitos que a este respecto

establezan os respectivos estatutos de cada cámara e a normativa específica de cada país.

2. A solicitude de admisión como persoa socia da cámara someterase á aprobación da xunta directiva.

3. As persoas socias deberán colaborar, dentro das súas posibilidades, no mellor cumprimento das funcións da cámara.

4. Ningunha persoa que traballe como persoal da cámara poderá ser socia dela.

5. Teñen dereito electoral activo e pasivo nas respectivas cámaras todas as persoas socias, de acordo co establecido nos seus estatutos. O exercicio do dereito de voto unicamente poderá ser delegado, por escrito, noutra persoa socia da cámara, até un máximo de cinco votos delegados nunha soa persoa socia.

Artigo 9. *Asemblea xeral de persoas socias.*

1. A asemblea xeral de persoas socias será o órgano supremo de decisión das cámaras.

2. Todas as persoas socias da cámara terán voz e voto nas reunións da asemblea xeral.

3. A asemblea xeral de persoas socias será convocada ao menos unha vez ao ano para a aprobación das contas do exercicio anterior, que deberán ser debidamente auditadas, e das cales se depositará unha copia na oficina económica e comercial. Tamén poderá ser convocada cantas veces sexa necesario na forma que estea prevista no estatuto de cada cámara.

Artigo 10. *Xunta directiva.*

1. A xunta directiva é o órgano de goberno e representación da cámara e estará composta pola persoa titular da presidencia e un número de vogais segundo se determine nos estatutos de cada cámara e cos cargos orgánicos que os estatutos determinen.

2. A condición de membro da xunta directiva é única e indelegable.

3. Para ser elixido como membro da xunta directiva débense reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa socia da cámara.
- b) Ser maior de idade.
- c) Estar ao día no pagamento da cota da cámara.
- d) Residir no país onde radique a cámara.

4. A elección dos membros da xunta directiva da cámara realizarase por sufraxio universal entre as persoas socias da cámara, segundo as modalidades previstas nos seus estatutos.

5. Os estatutos de cada cámara determinarán a duración do mandato dos membros, os cales poderán ser reelixidos.

6. Os cargos da xunta directiva non serán retribuídos.

7. As persoas xurídicas designarán un representante para o exercicio directo das funcións corporativas.

8. Ao menos a metade dos membros da xunta directiva deberán ser representantes de empresas españolas ou filiais de empresas españolas no país en que radica a cámara.

9. Cumprirase co principio de paridade e igualdade de xénero na composición da xunta directiva.

10. A xunta directiva poderá manter reunións non presenciais cando sexa necesario polos medios que aprobe a maioría dos seus membros.

11. A xunta directiva deberá elaborar cada ano un proxecto de orzamento de ingresos e gastos que deberá remitirse á oficina económica e comercial de España correspondente.

Artigo 11. *As persoas que exercen a titularidade da secretaría, a dirección ou a xerencia.*

1. As cámaras terán unha persoa que exerza a función de titular da secretaría, dirección ou xerencia retribuída, coa preparación técnica necesaria para desempeñar as funcións propias do seu cargo. Este cargo é incompatible co exercicio de calquera actividade retribuída, salvo aquelas que sexan autorizadas expresamente pola xunta directiva.

2. O seu nomeamento deberá ser efectuado pola xunta directiva, oída a persoa titular da oficina económica e comercial.

3. Son funcións propias de quen exerce como titular da secretaría, dirección ou xerencia:

a) Asistir ás sesións da asemblea xeral e xunta directiva da cámara, nas cales terá voz pero non voto.

b) Xestionar a execución de todos os acordos adoptados pola asemblea xeral e a xunta directiva, de conformidade coas instrucións que reciba.

c) Exercer a dirección de todos os servizos da cámara, de cuxo funcionamento responderá ante a persoa titular da presidencia e a xunta directiva.

CAPÍTULO IV

Funcións e réxime económico

Artigo 12. *Funcións das cámaras.*

1. Sen prexuízo do dereito de propia iniciativa, así como daquelas actividades que as cámaras deben realizar dentro do servizo que deben prestar aos seus socios, as cámaras poderán desempeñar as seguintes funcións, coordinadas pola persoa que exerza a xefatura da oficina económica e comercial:

a) Propor actuacións encamiñadas á mellora das relacións comerciais e a resolución de conflitos entre España e o país de residencia da cámara, en colaboración cos centros e organismos económicos, sociais e comerciais tanto españois como dos países da súa demarcación.

b) Asistir e asesorar as empresas e institucións públicas e privadas españolas interesadas no mercado local para exportar ou investir, ofrecéndolles o apoio e a información que lles facilite o seu acceso ao mercado, así como, se for o caso, en proxectos de cooperación para o desenvolvemento no país. En particular, as cámaras axudarán a difundir as estratexias e instrumentos de fomento da internacionalización do Goberno de España.

c) Realizar accións de promoción comercial –feiras, misións comerciais directas e inversas, entre outros– dos produtos e servizos españois que lles sexan confiadas ou que sexan incluídas dentro dos seus plans de actuación para mellorar a presenza dos produtos españois nos respectivos mercados, en estreita coordinación coa oficina económica e comercial.

d) Apoiar a oficina económica e comercial dentro dos fins, funcións e servizos propios da cámara, atendendo aos seus recursos.

e) Desenvolver actuacións dirixidas a xerar recursos que garantan o mantemento da cámara.

2. En todas a súas actuacións, as cámaras incorporarán a perspectiva de xénero e observarán o cumprimento do principio de paridade de mulleres e homes. Igualmente, as cámaras deberán ter sempre presente como obxectivo preeminente de todas as súas actuacións o apoio aos intereses económicos e comerciais de España e as empresas españolas no país en que está radicada a cámara.

Artigo 13. *Réxime económico.*

1. Para a consecución dos seus fins, os recursos das cámaras serán os seguintes:
 - a) As cotas das persoas asociadas.
 - b) As retribucións que lles correspondan por prestación de servizos, organización de eventos, emisión de documentos e outras actividades de pagamento.
 - c) As rendas dos seus bens patrimoniais.
 - d) As subvencións e doazóns de todas as clases que reciban.
2. As cámaras, se así o establecen os seus estatutos, poderán constituír un fondo de reserva materializado en activos líquidos a curto prazo para facer fronte a gastos urxentes ou imprevistos.
3. Nos seus procedementos de contratación, as cámaras seguirán procedementos transparentes e competitivos.

CAPÍTULO V

Modificación de estatutos

Artigo 14. *Modificación de estatutos.*

1. A proposta de modificación dos estatutos das cámaras, unha vez aprobada pola asemblea xeral, deberá ser remitida á Secretaría de Estado de Comercio por mediación da oficina económica e comercial respectiva, que deberá informar sobre a modificación que se propón.
2. A Secretaría de Estado de Comercio aprobará a proposta formulada, ou ben fará ás cámaras as observacións que coide procedentes sobre ela.

CAPÍTULO VI

Disolución das cámaras

Artigo 15. *Disolución da cámara.*

1. A disolución dunha cámara deberá ser acordada en asemblea xeral extraordinaria convocada a este único fin, por proposta da xunta directiva e logo de consulta á Secretaría de Estado de Comercio, e é preciso que non se opoña a ela, ao menos, unha terceira parte dos socios.
2. En caso de disolución, a asemblea xeral acordará a forma de liquidación, e os arquivos, actas, libros de contabilidade e demais documentos depositaranse na oficina económica e comercial de España. No demais, o proceso de liquidación dos seus bens e dereitos rexeráse pola lexislación do país en que radique a cámara.

CAPÍTULO VII

Revogación do recoñecemento oficial

Artigo 16. *Revogación do recoñecemento oficial.*

O Ministerio poderá revogar o recoñecemento oficial outorgado a unha cámara se esta infrinxe o establecido neste real decreto ou outra lexislación vixente aplicable, ou a súa actividade e funcionamento son contrarios aos intereses xerais de España ou prexudican as relacións económicas, comerciais e institucionais de España co país de residencia de tal cámara.

Disposición transitoria única. *Adecuación de estatutos das cámaras.*

No prazo de dous anos a partir da entrada en vigor do presente real decreto, as cámaras deberán adecuar os seus estatutos ao establecido por este real decreto, se for necesario, remitindo para este efecto á Secretaría de Estado de Comercio, a través da oficina económica e comercial, a proposta correspondente ás modificacións necesarias, para a súa aprobación definitiva, se procede.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 786/1979, do 16 de marzo, polo que se establecen as normas reguladoras do Estatuto xeral das cámaras de comercio españolas oficialmente recoñecidas no estranxeiro e cantas disposicións se opoñan ao cumprimento do presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro das competencias exclusivas do Estado atribuídas polo artigo 149.1.10.^a da Constitución española en materia de comercio exterior.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de decembro de 2020.

FELIPE R.

A ministra de Industria, Comercio e Turismo,
MARÍA REYES MAROTO ILLERA